



MEMORIA ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”.

1.- OBXECTO DO CONTRATO

A execución das obras do proxecto de “MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo graduado en Enxeñería Industrial Mecánica D. Rubén Eduardo Otero González, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €) e asinado dixitalmente en data 6 de setembro de 2023. (Expte. 6147-443).

O obxectivo do proxecto é definir, describir e valorar todas as actuacións necesarias para as melloras do ascensor inclinado que une Menéndez Pelayo coa Avenida das Camelias para facilitar o seu funcionamento e mantemento coas maiores medidas de seguridade, para usuarios, transeúntes, mantedores e explotadores do mesmo.

As obras que se pretenden executar son, na súa maioría, actuacións de substitución e reparación de elementos. Tamén se contempla o ensanche dos accesos a sala de máquinas e foso, que requiren da demolición parcial da laxa sobre esta, polo que se describen as medidas de seguridade contempladas para a execución das mesmas e as características e limitacións na utilización.

A zona de actuación límitase ao ascensor que conecta a rúa Menéndez Pelayo coa avenida de Camelias á altura do número 46, concretamente neste desembarco será previsiblemente a zona de provisións e de acceso ás obras que se executarán entre os dous laterais do percorrido do ascensor. As obras a executar enuméranse a seguir;

- Recrecido do solo do sala de máquinas cunha pequena pendente cara os sumidoiros para facilitar a evacuación das augas pluviais.
- Sumidoiro lonxitudinal na sala de máquinas, entre o perímetro dos muros e o solo pararecoller as augas canalizándoas aos desaugadoiros.
- Limpeza dos muros da sala de máquinas e tratamento superficial para evitar a proliferación de líquenes, algas e microorganismos.
- Selado ou substitución dos compoñentes do ascensor que permiten entrada de auga como os cambios e finais mecánicos, canaletas de oco, pantallas de alumeado do oco do elevador, etc.





- Mellora da iluminación no interior do oco do elevador.
- Instalación de liñas de vida ao longo de todo o recorrido do oco do ascensor.
- Substitución dos mecanismos das portas de corredores e cabina de ambos embarques (eixos, elementos bloqueo e desbloqueo, portas, operados de cabina e mecanismo de descanso).
- Instalación de pasamáns nas escaleiras de emerxencia para facilitar a evacuación da cabina do ascensor e o acceso a este de forma segura.
- Instalación de alumeado nas escaleiras de emerxencia para mellorar a visibilidade.
- Ampliación do oco e substitución da reixa de acceso ao oco do ascensor para a inspección do ascensor dende a sala de máquinas.
- Ampliación do acceso á sala de máquinas con nova trampilla de inspección e escaleira con oco libre mínimo de 80x80cm e con contrapesos.
- Ampliación do acceso ao foso (rúa Menéndez Pelayo) con nova trampilla de inspección e escaleira con oco libre de 80x80cm e con contrapesos.

O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como **contrato de obras**, segundo o previsto no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

2.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

a) Prezo do contrato e Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está formulado en termos de prezos unitarios e determinado en base ao proxecto de obra aprobado, e resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas no proxecto.

O prezo do contrato é de **DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 36.274,64 €.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2024 09:30	Páxina 2 de 5
1888-441	CSV: A5A557-AEE283-84B443-PLT299-BQ6HS8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O orzamento base de licitación correspóndese co límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE, e desagregarase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación (artigo 100 LCSP).

O orzamento do proxecto de obra aprobado considera un porcentaxe de custes indirectos e os mesmos atópanse aplicados aos prezos descompostos nos que se dividen as unidades de obra.

O orzamento base de licitación, determinado no proxecto de obra aprobado, ascende a un total de **DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €)** .

b) Anualidades:

2024	209.011,04 €
------	--------------

c) Valor estimado do contrato e método de cálculo:

Tal e como establece o artigo 101 LCSP, o valor estimado do contrato está calculado en base os custos derivados da execución material do proxecto de obra aprobado, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial, tendo en conta as modificacións á alza previstas, así como os custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes.

En base ao anterior, o valor estimado do contrato estipúlase en **DOUSCENTOS SETE MIL DOUSCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (207.283,68 €)**.





	IMPORTE
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	145,156.64 €
GASTOS XERAIS (13%)	18,870.36 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	8,709.40 €
MODIFICACIÓNS Á ALZA PREVISTAS (20%)	34,547.28 €
VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	207,283.68 €

3.- REVISIÓN DE PREZOS

Non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto.

4.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012 DE 7 DE ABRIL

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.619.00.02 (MELLORA NO ASCENSOR INCLINADO ENTRE M.PELAYO E CAMELIAS), segundo a distribución de anualidades proposta.

A proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento. O gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello, o que redundará nun aforro de mantementos e consumos para o Concello de Vigo.

5.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, conforme ao previsto nos artigos 198.2 e 240 da LCSP.





As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Na factura deberán constar os seguintes extremos:

- Unidade tramitadora: GE0000611 Vías e Obras
- Oficina contable: GE0000575 Servizos Económicos/ Intervención
- Órgano xestor: L01360577 Concello de Vigo

En consecuencia aos antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Fomento remitir a presente memoria económica para continuar a contratación das obras do “MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Técnica de Xestión.- Ruth Gallego Santos

CONFORME,

O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos.- Franciso Javier Pardo Espiñeira

